



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Sección de bolsas
Pavillón de Estudantes
Campus de Elviña

15071 A CORUÑA

Correo electrónico: bolsas@udc.es

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE AXUDAS PARA O ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA DEBIDO Á SITUACIÓN EXCEPCIONAL OCACIONADA POLA CRISE SANITARIA DA COVID -19

CURSO 2019-2020

O artigo 9 do RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, suspendeu a actividade educativa presencial na universidade. Isto obrigou a acomodar a actividade docente a formatos non presenciais que teñen na internet o seu principal soporte.

Por outra banda, o impacto das medidas adoptadas relacionadas coa actividade económica representa para moitas familias unha desaparición ou redución de ingresos que limita enormemente a capacidade para facer fronte aos gastos correntes dos estudos universitarios.

Por esta razón, a Universidade da Coruña decidiu realizar unha convocatoria extraordinaria de axudas tendente, por unha parte, a asegurar o acceso de todo o estudantado ao ensino a distancia e, pola outra, a aliviar a carga económica que os estudos universitarios representan para as familias máis afectadas pola crise provocada pola Covid-19. O obxectivo é asegurarlle a todo o noso estudantado o acceso ao ensino a distancia e a continuidade da súa formación universitaria.

De conformidade co disposto na disposición adicional terceira do mencionado RD 463/2020, os prazos e termos desta convocatoria non resultan suspendidos por se tratar dunha medida estreitamente vinculada cos feitos que motivaron a declaración do estado de alarma.

Por estes motivos realízase esta convocatoria extraordinaria que se rexerá polas seguintes

BASES

1.-OBXECTO E TIPOS DE AXUDAS

Co fin de asegurar a continuidade académica e o acceso do conxunto do estudantado ao ensino non presencial, convócanse as seguintes axudas:

1º. Axuda de colaboración para o acceso aos servizos de internet, que ten por finalidade facilitar ao alumnado beneficiario o acceso aos contidos do Campus Virtual da Universidade da Coruña (UDC), ben como ás demais ferramentas didácticas precisas para a súa actividade académica.

O máximo desta axuda será de 40 euros por estudante. A cantidade máxima de datos cofinanciabile será de 60 xigabytes (Gb) en total, independentemente da modalidade contractual, bono, cambio temporal de tarifa ou outras circunstancias similares.

2º.- Axuda por situación de dificultade económica sobrevida por mor da situación de crise sanitaria Covid-19, que ten por finalidade axudar ao pagamento dos últimos prazos de matrícula. Poderá ser beneficiario desta axuda o estudantado que xustifique que algún dos membros da súa unidade familiar:

- a) falecese, fose despedido/a ou cesase temporalmente na súa actividade como consecuencia da crise provocada pola Covid-19.
- b) experimentase unha redución da súa xornada laboral ou vise suspendido o seu contrato temporalmente como consecuencia directa da crise provocada pola Covid-19.

O importe máximo destas axudas será de 300 euros para o estudantado matriculado en titulacións oficiais de carácter técnico e de 200 euros para o matriculado nas demais titulacións oficiais.

2. DOTACIÓN ORZAMENTARIA

O importe máximo das axudas para adxudicar será de 40000€ con cargo á aplicación orzamentaria 0300030024 422D480.01 “VEPEM axuda ao estudantado crise sanitaria COVID 19”.

3. REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán beneficiarse das axudas as persoas que reúnan os requirimentos seguintes:

1º.- Estar matriculadas no curso académico 2019/2020 na Universidade da Coruña en estudos conducentes á obtención dun título oficial

2º.- Non gozar de ningunha outra bolsa ou axuda de calquera clase dunha entidade pública ou privada para esta mesma finalidade.

3º.- As axudas por situación de dificultade económica sobrevida por mor da situación de crise sanitaria Covid-19, serán incompatibles coa percepción das seguintes bolsas ou axudas:

- Axudas para o estudantado da UDC en situación de dificultades económicas
- Bolsas do plan propio da UDC- Bolsas comedor
- Bolsas de renovación e de nova adxudicación para estudos de másteres oficiais na UDC
- Axudas da UDC para deportistas universitarios de alto nivel
- Bolsas Ministerio Educación
- Bolsas Xunta
- Bolsas País Vasco

4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1º.- As solicitudes deberán presentarse de forma telemática a través do formulario a que se accede na seguinte ligazón: <https://aplicacions.sic.udc.es/SolicitudAxudaCovid19>

2º.- Acompañando a solicitude deberá presentarse a seguinte documentación:

- Para a axuda de colaboración para o acceso aos servizos de internet: acreditación da titularidade da liña móbil e factura ou xustificante de compra do bono ou plan de datos, cambio de tarifa ou operación similar que deberá coincidir co período temporal da crise sanitaria.

- Para a de dificultade económica sobrevida, a documentación acreditativa desta circunstancia (ERTE, despedimento, peche da actividade dentro do período etc....).

3º.- O prazo de presentación de solicitudes iniciárase no día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico da UDC e finalizará o día **30 de abril de 2020**.

5. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas beneficiarias teñen a obriga de destinar estas axudas para a finalidade a que están destinadas. De non facelo así, a Universidade da Coruña solicitaralles o seu reintegro.

Sen prexuízo das outras responsabilidades a que der lugar, tamén será causa de reintegro a falsidade ou inexactitude de datos que deron lugar á concesión.

De conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 outubro, a UDC poderá requiririlles ás persoas beneficiarias a documentación orixinal que acredite a concesión destas axudas.

6. INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

A concesión das axudas realizarase por medio do procedemento abreviado regulado nos artigos 19.2, 22 e 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O órgano competente para a instrución deste procedemento será a Vicerreitoría de Estudiantes, Participación e Empregabilidade. A resolución de concesión será ditada pola Reitoría.

Segundo se vaian recibindo as solicitudes, e en tanto non se esgotar o crédito orzamentario, o órgano instructor realizará de oficio as actuacións que estime pertinentes e precisas para formular as correspondentes propostas de resolución.

A resolución de concesión ou denegación adoptárase no prazo máximo dun mes contado desde a data de presentación das solicitudes e serán obxecto de publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC e notificadas persoalmente ás persoas beneficiarias a través da conta do correo electrónico que o alumnado ten na UDC e que debe facer constar na súa solicitude. A falta de notificación ou publicación nese prazo da resolución de concesión habilita á persoa solicitante a considerar desestimada a súa solicitude para os efectos previstos no artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a resolución de adjudicación que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes, segundo establece a devandita Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou recurso contencioso-administrativo ante o

xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte á notificación da presente resolución, ou calquera outro recurso que estime máis procedente.

7. PAGAMENTO DAS AXUDAS

Unha vez adxudicadas, procederase ao seu pagamento que se realizará mediante transferencia bancaria. É preciso que o estudantado beneficiario da axuda sexa titular ou cotitular da conta que faga constar na solicitude.

Antes do pagamento da axuda comprobarase que o/a solicitante pagou os prezos públicos por servizos académicos do curso 2019/2020.

8. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (“Regulamento Xeral de Protección de Datos” ou RXPDP), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrència a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico, secretariaxeral@udc.gal.

A solicitude desta axuda, debido á situación excepcional ocasionada pola crise sanitaria da Covid-19, implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa LOPD, coa finalidade da correcta xestión da axuda. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD).

Mediante a concorrència a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e dentro do Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na Lei orgánica de protección de datos persoais.

Igualmente poden presentar a súa reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A Coruña, 13 de abril de 2020

O reitor

Julio Ernesto Abalde Alonso